

Dende a ASOCIACION FEMINISTA DE MULLERES “FALANDO NOS”, QUEREMOS EXPRESAR O NOSO TOTAL REXEITAMENTO ao programa de actividades que a Concellería de Igualdade ten previsto para conmemorar o día 8 de marzo, DIA INTERNACIONAL DA MULLER TRABAJALLADORA, esquecendo de novo a verdadeira problemática que estamos a vivir as mulleres na actualidade, e ademais condenándonos outra vez a arrastrar o estereotipo de muller responsable única dos cuidados familiares.

Por unha banda a concesión do undécimo premio Clara Campoamor a un home consideramos que é un desacerto total, sen entrar a valorar os méritos profesionais desta figura, cremos que este premio creouse precisamente para recuperar e visibilizar figuras de mulleres que lembren que as mulleres tamén existimos e que sirvan de modelo para a nosa infancia na proxección dos seus sonos de futuro. O nomeamento dun home para este premio esquece o que realmente está pasando coas mulleres nestes intres, no que estamos a sufrir o maior retroceso nos dereitos fundamentais como persoas que se ten experimentado en moitos anos, e co que comprobamos que a desigualdade crece e cada vez acentuase máis como queda demostrado nos asasinatos de 16 mulleres no que levamos de ano e o incremento dos estereotipos do machismo e patriarcado que se atopan na sociedade, e na consolidación da brecha salarial entre homes e mulleres.

E por outra consideramos que o programa presentado pola citada Concellería para a celebración do día 8 de marzo “Día Internacional da muller traballadora” é un programa que carece do máis mínimo fundamento para representar a situación da muller traballadora, pois en lugar de facer mención a feitos como que as mulleres gañamos un 20 % menos que os homes, que a maior porcentaxe de paro é feminino, que os contratos das mulleres son maioritariamente a tempo parcial e de corta duración, a falta de medidas para a conciliación laboral e familiar, que a pobreza cébase especialmente coas mulleres que viven soas e con familiares e fillos ao seu cargo, o que fai é organizar actividades lúdico deportivas que nada fan por representar a realidade discriminatoria que estamos a vivir, nunha evidente estratexia de despiste para obviar o que de verdade pasa e que tras séculos de loita seguimos sendo cidadáns de segunda, e que as políticas de recortes do goberno do PP están a eliminar dos orzamentos municipais e estatais os programas de prevención da violencia de xénero e axuda a mulleres vítimas de violencia.

O deporte esta ben, pero non é este o momento de reivindicalo como unha estratexia ou recurso de empoderamento das mulleres, e será unha ferramenta que non servirá de nada se non temos unhas garantías de poder ser nos, de poder saír a rúa en liberdade, sen medo a morrer ou a ser violadas, de ter un traballo digno, as mulleres continuamos na desigualdade.

Ourense, 8 de marzo de 2017